

REPASO GALEGO TEMAS 7 e 8

1. Completa as seguintes oracións con H, sempre e cando sexa necesario.

oxe tiven que ir xunto a miña irmá a buscar o istorial médico ao ospital porque rompeu un óso a semana pasada, o úmero.

Nese edificio abitaban en armonía dous nenos orfos e a súa avoa materna.

enrique é un músico moi ábil: inventa armonías fermosas coa súa arpa.

A miña avoa achou varios ovos nun oco do galiñeiro, xusto por onde medran as edras.

2. Escribe encima das palabras en negriña L (se se trata de sentido literal) ou F (se se trata do sentido figurado).

Levei un bo golpe e moito me doe a **man**. Por favor, bótame unha **man** e axúdame a levantarme.

Cando **rompeu** a cadea que me regalara a miña avoa, entristecinme moito: **rompéuseme** o corazón.

Perdín o secador do **pelo** e tardei moito en prepararme. Cheguei ao tren a tempo polos **pelos**.

3. Analiza sintacticamente as seguintes oracións. Debes indicar Suxeito (S), Predicado Verbal (Pv), Predicado Nominal (Pn), Núcleo do predicado (N) e Atributo (At.)

Aquel can corría solto pola estrada.

Aquel can era moi agresivo coa dona.

Onte vinte pasear na rúa do medio.

Onte estiven na escola pola tarde.

Adela saía da escola con cara de estar cansa.

Adela perecía moi cansa despois da escola.

4. Arrodea de laranxa as locución e de cor verde as frases feitas.

Onte saín de compras disposto a tirar a casa pola ventá. Atopei un xogo novo que me costou un ollo da cara. Tereime que poñer as pilas para volver a aforrar outra vez.

O xogo vaime ás mil marabillas e é sabido que é un dos mellores que se lanzaron na última temporada: iso é unha verdade como un templo.

5. Completa o texto con x ou con ll onde corresponda.

O conce[]o presentou unha iniciativa para me[]orar a convivencia nas aulas e no noso cole[]io participa no pro[]ecto. Resulta que houbo un aumento de casos de acoso nas escolas da zona e isto fi[]o que os mestres Féli[] e Maru[]a escribiran unha obra de teatro con ob[]ectivo de ori[]inar a refle[]ión sobre este tema.

Antes da obra, tamén fi[]emos xogos para coñecernos me[]or e fi[]emos traba[]os en pare[]as e por equipos, diri[]idos por []iana, Alei[]o e []oel, os monitores invitados. Ao final da []ornada refle[]ionamos []untos sobre problemas de convivencia e e[]presamos sentimentos e opinións.

6. Atopa os recursos literarios en cada un dos versos e escribe o seu nome:

“Galicia docemente está ollando o mar”

Paralelismo (Pa)

“Galicia ten os vales, ten os mares, ten as montañas”

Metonimia (Mo)

“Ten Galicia cidades e portos”

Hipérbato (H)

“Galicia é unha nai velliña e soñadora”

Imaxe (I)

“A súa costa rodeada de cabelos azuis e reflexos de prata no luar”:

Metáfora (Ma)

“As gaitas cantaban ao albor da mañá”

Personificación (Pe)

7. Identifica nas seguintes oracións o Suxeito (S), o Predicado (P), o Núcleo do predicado (N) o Complemento Directo (CD) e o Complemento Indirecto (CI).

Laura comprou lambetadas ao seu irmán pequeno pola tarde.

O can roubou un óso ao carniceiro sixilosamente.

Mañá, adoptarei a gata para vos no veterinario.

Roí comerá revolto de verduras con Pepe.

Remateille o traballo á mestra de inglés hoxe durante o recreo.

Xoán arránxalle a saia a Sabela minuciosamente na xastrería polas tarde.

Trucos!!!

CD: preguntar que? ao suxeito e verbo, ou substituír por me, te, o, a, os, as, lo, la, los, las, no, na, nos, nas e vos.

CI: preguntar a quen? Ao suxeito e verbo, ou substituír por me, che, lle, nos, vos, e lles.

CC: preguntar como?, cando?, onde? Por que?...